

Paro rexistrado por 1.000 habitantes

Resumo de resultados 27/02/2025

ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	2
Definicións, fontes e máis información	3

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización


Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización. Galicia

O número de persoas paradas rexistradas por cada 1.000 habitantes é máis elevado nas zonas densamente poboada e intermedia que na ZPP.

No período 2014-2024 este indicador rexistra nas tres zonas o seu valor máis baixo no ano 2023. Entre 2014 e 2019 o número de persoas paradas por cada 1.000 habitantes diminúe de forma continuada nas tres zonas. Así, o volume de paro rexistrado por cada 1.000 habitantes diminuíu entre 2014 e 2019 un 33,5 % na ZDP, un 40,1 % na ZIP e un 42,0 % na ZPP; no ano 2020 prodúcese un aumento producido pola pandemia da Covid-19 e a partir de ahí o paro volve diminuír ata o ano 2024.

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total	146,4	134,7	123,9	114,2	103,4	97,1	107,6	98,2	87,8	80,7	73,8
ZDP	155,1	143,7	132,8	124,0	114,7	108,5	119,3	108,1	96,5	88,8	81,5
ZIP	148,8	136,5	125,0	114,2	102,1	95,8	107,0	97,1	86,4	79,0	72,1
ZPP	131,0	119,3	109,7	100,3	88,9	82,3	91,2	84,9	76,7	70,7	64,4

Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización. Galicia



Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización. Galicia


	2014			2024		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	146,4	140,7	152,2	73,8	62,0	85,5
ZDP	155,1	150,5	159,4	81,5	71,5	90,8
ZIP alta	149,2	139,4	159,1	73,0	58,3	87,6
ZIP baixa	147,4	138,6	156,4	68,9	56,0	82,0
ZPP alta	149,3	146,2	152,5	65,5	53,8	77,6
ZPP intermedia	137,9	130,6	145,6	70,3	56,5	84,8
ZPP baixa	119,3	121,9	116,3	61,7	54,1	69,9

A consideración das seis subzonas determinadas polo subgrao de urbanización, así como o sexo, na análise do paro rexistrado por 1.000 habitantes permite comprobar como a incidencia desta variable é maior na ZDP (81,5 persoas paradas/1.000 hab.) para ambos sexos (71,5 para os homes fronte a 90,8 para as mulleres). Parece existir unha certa relación directa entre paro rexistrado e subgrao de urbanización, xa que os valores do indicador diminúen de forma continuada dende a zona ZDP ata a ZPP baixa agás entre a ZPP alta e a ZPP intermedia.

Por outra parte, cómpre resaltar o comportamento da subzona máis rural (ZPP baixa), na que o indicador acada un valor notablemente máis baixo que no resto de subzonas; en particular, no ano 2024, o paro rexistrado por 1.000 habitantes na ZPP baixa é un 24,3 % inferior ao rexistrado na ZDP.

Por último, os datos do indicador segundo o sexo amosan que a incidencia do paro rexistrado é maior nas mulleres que nos homes en todas as subzonas de urbanización.

**Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización.
Galicia. Ano 2024**



Definicións, fontes e máis información

Definicións

Paro rexistrado por 1.000 habitantes: É o cociente entre o número de persoas inscritas nas oficinas públicas de emprego como parados e a poboación de 16 a 64 anos, expresado en tanto por mil.

Paro rexistrado: Este concepto, establecido na Orden ministerial do 11 de marzo de 1985, está constituído polo total de demandas en alta existentes a fin de mes, excluindo, entre outras, as que correspondan ás seguintes situacións:

- Pluriemprego: demandantes que solicitan outro emprego compatible co que exercen.

- Mellor emprego: demandantes que, estando ocupados, solicitan un emprego para cambialo polo que teñen.
- Colaboración social: demandantes perceptores de prestacións por desemprego que participan en traballos de colaboración social.
- Xubilados: demandantes que son pensionistas de xubilación, pensionistas por grande invalidez ou invalidez absoluta e demandantes de idade igual ou superior a 65 anos.
- Emprego conxuntural: demandantes que solicitan un emprego para un período inferior a 3 meses.
- Xornada < 20 horas: demandantes que solicitan un traballo con xornada inferior a 20 horas semanais.
- Estudantes: demandantes que están cursando estudos de ensinanza oficial regrada sempre que sexan menores de 25 anos ou que, superando esta idade, sexan demandantes de primeiro emprego ou ben demandantes asistentes a cursos de formación profesional e ocupacional, cando as súas horas lectivas superen as 20 á semana, teñan unha bolsa polo menos de manutención e sexan demandantes do primeiro emprego.
- Demandas suspendidas: demandantes con demanda suspendida en canto permanezan nesta situación.
- Compatibilidade prestacións: demandantes beneficiarios de prestacións por desemprego en situación de compatibilidade de emprego por realizar un traballo a tempo parcial. Traballadores eventuais agrícolas subsidiados.
- Rexeitamento de accións de inserción laboral: demandantes que rexeitan accións de inserción laboral axeitadas ás súas características segundo se establece no artigo 17, apartado 2 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

A posta en marcha do novo Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) en maio de 2005 produce unha ruptura da serie de paro rexistrado que se viña publicando ata o momento. A implantación deste novo sistema afecta a estimación do paro rexistrado, non porque cambie a definición, senón pola actualización e xestión automatizada da información e porque se corruxiron os erros que se viñan cometendo con certos colectivos.

Descarga de datos

- [Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo grupo de idade, sexo e grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2005)
- [Paro rexistrado por 1.000 habitantes segundo grupo de idade, sexo e subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2005)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de: IGE. Cifras poboacionais de referencia, Consellería de Traballo e Benestar. Informe do paro rexistrado e información subministrada directamente